



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ - LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DIA 31/08/2016

Na Vila de Guitiriz, cando son as 13.00 horas do día 31 de agosto de 2016, reúnen-se no Salón de Sesiões deste Concello, previa convocatoria realizada ó efecto nos termos legalmente establecidos, os membros integrantes do Concello en Pleno que a continuación se relacionan, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia da Sra. Alcadesa dona Regina Polín Rodríguez, asistido por min, don Jose Antonio Mourelle Cillero, secretario comisionado por resolución da Deputación Provincial de Lugo de data 26 de agosto de 2016. Asiste tamén o interventor municipal don Juan Antonio Rey Rivas.

ASISTENTES:

Presidencia:

Dona Regina Polín Rodríguez, Grupo Socialista.

Concelleiros:

Dona Laura Ageitos Miragaya, Grupo Socialista.
Don Carlos Plácido Buján López, Grupo Socialista.
Don Pedro Pérez Fanego, Grupo Socialista.
Don José Manuel Saa Devesa, Grupo Socialista.
Don Daniel Díaz Méndez, Grupo Socialista.
Don Xosé María Teixido Núñez, Grupo Popular.
Don Roberto Sanmartín Barro, Grupo Popular.
Don Francisco José Penas Pardo, Grupo Popular.
Dona María Manuela Carballeira García, Grupo Popular.
Don Jordi Blengua Penedo, Grupo Compromiso por Guitiriz.
Don Xosé Lois González Souto, Grupo BNG.

Ausentes:

Don Jesús Veres Vázquez, Grupo Independente-CG, que xustificou a súa ausencia.

Pola Presidencia declárase aberta a sesión e pásase a despachar os asuntos que integran a Orde do Día, que a continuación se indican:

1º.-Aprobación do proxecto técnico de obra "Acondicionamento e mellora do vial desde a estrada LU-P-2301 a San Miguel, Casas Vellas e Acceso á área recreativa de San Xoán desde o P.K. 0,000 ao 3,470". POS do ano 2016.

A proposta de alcaldía ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 29/08/2016, á que dá lectura o secretario en extracto, é a seguinte:

"Aprobación do proxecto técnico de obra "Acondicionamento e mellora do vial desde a estrada LU-P-2301 a San Miguel, Casas Vellas e Acceso á área recreativa de San Xoán desde o P.K. 0,000 ao 3,470". POS do ano 2016.

Visto o proxecto de obra "Acondicionamento e mellora do vial desde a estrada LU-P-2301 a San Miguel, Casas Vellas e Acceso á área recreativa de San Xoán desde o P.K. 0,000 ao 3,470" foi redactado polo arquitecto técnico do Concello D. José Benito Gil López no mes de xullo de 2016, por importe de 65.721,49 euros e 13.801,51 euros de IVE.

Reñafael José del Barrio Berbel (1 para 2)

Secretario

Data de Sinatura: 21/09/2016

HASH: 1000c09aa325a1f6c0eb5616e40546d06

Regina Polín Rodríguez (2 para 2)

Alcadesa de Guitiriz

Data de Sinatura: 22/09/2016

HASH: c8381d057605dd95e424986686ee9f8

ACTA DO PLENO
Número: 2016-0009 Data: 21/09/2016



Cod. Validación: 92EPAAFNZNKJLMKJQ7X34CG7 | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ - LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

O Concello de Guitiriz propuxo por resolución de alcaldía de data 11/07/2016 á inclusión no Plan Provincial de Cooperación as Obras e Servizos de competencia municipal e de estradas para 2016 a citada obra por importe de 65.721,49 euros e 13.801,51 euros de IVE, dos cales a Deputación Provincial aportaría 63.618,40 euros e o Concello os 15.904,60 restantes.

Por escrito do presidente da Deputación de Lugo de data 27/07/2016, RE nº 3048 de 29/07/2016, comunícase ao Concello que na sesión plenaria de data 26/07/2016 aprobouse o Plan Provincial de Cooperación as Obras e Servizos de competencia municipal e de estradas para 2016, no que figura a obra proposta polo Concello de Guitiriz que deberá adxudicarse antes do día 30/11/2016 e finalizar a súa execución antes do día 31/10/2017.

Visto a acta de replanteo previo do proxecto de obra que consta no propio proxecto asinada polo técnico municipal redactor do mesmo, e o informe técnico de data 08/08/2016 sobre o cumprimento da lexislación urbanística e sectorial vixente.

Considerando o disposto nos artigos 121 a 126 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro; e nos artigos 124 ao 137 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Considerando o disposto no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia e nas NSPM do Concello de Guitiriz aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo en sesión de 12 de febreiro de 1985.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2.ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto técnico de obra "Acondicionamento e mellora do vial desde a estrada LU-P-2301 a San Miguel, Casas Vellas e Acceso á área recreativa de San Xoán desde o P.K. 0,000 ao 3,470" redactado polo arquitecto técnico do Concello D. José Benito Gil López no mes de xullo de 2016, por importe de 65.721,49 euros e 13.801,51 euros de IVE."

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo PP di que se trata dunha obra coa subvención da Deputación Provincial e con aportación do concello. A adxudicación e execución da obra correspóndelle o Concello de Guitiriz e unha vez examinados os informes obrantes no expediente, anuncia o seu voto a favor.

O representante do grupo CxG interesase por saber si están solicitadas as autorizacións de Patrimonio para a execución da obra.

A alcaldesa sinala ademais ca obra xa fora consensuada previamente entre os grupos e que o presente acordo ten por finalidade executar ese consenso acadado, ademais están xa solicitadas todas as autorizacións necesarias para a súa realización.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos 12 membros presentes.

2º.- Aprobación de apoio ao proxecto "Life Fluvial 2016"

ACTA DO PLENO
Número: 2016-0009 Data: 21/09/2016



Cod. Validación: 92EPAAFNZCNUKLMKJQ7X34CG7 | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ - LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

A proposta de alcaldía ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 29/08/2016, á que dá lectura o secretario en extracto, é a seguinte:

“Renovación de apoio ao proxecto Life Fluvial 2016

A proposta do grupo municipal socialista, por acordo plenario de data 31/07/2014 aprobouse por unanimidade da Corporación presentar candidatura ao proxecto “Life Fluvial” do ano 2014, comprometéndose os grupos municipais a prestar a máxima colaboración.

Dita candidatura, promovida polo Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) da USC, afecta as terreos deste termino municipal na ZEC Parga-Ladra-Támoga (ES1120003), e foi moi ben valorada no ano 2014, tendo posibilidades de saír elixida este ano e ser cofinanciada con fondos comunitarios.

Por acordo plenario de data 24/09/2015 aprobouse por unanimidade da Corporación aprobar o apoio á candidatura do proxecto “Life Fluvial 2015” que engade accións na ZEC Parga-Ladra-Támoga (ES1120003).

Considerando o disposto nos artigos 21.1 e 22.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Renovar o apoio á candidatura do proxecto “Life Fluvial 2016” que engade accións na ZEC Parga-Ladra-Támoga (ES1120003).”

Aberto o debate pola presidencia sinala que se require unha reiteración do apoio dado no seu día ao proxecto e que sería suficiente cunha comunicación por parte da alcaldía, pero que debido a importancia do asunto estimou oportuno sometelo a votación do Pleno.

O representante do grupo Partido Popular sinala que xa son cofecedores da situación posto que foi aprobado xa en dúas ocasións e manifesta o sue apoio a adopción do acordo.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos 12 membros presentes.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 13.10 horas, de todo o que como secretario dou fe.

A alcaldesa
Regina Polín Rodríguez

O secretario Comisionado
Jose Antonio Mourelle Cillero

Dilixencia:

Para facer constar que na data que figura na sinatura electrónica ao marxe incorpórase a presente acta da sesión plenaria extraordinaria de data 31/08/2016 (unha vez asinada en formato papel pola alcaldía e polo secretario comisionado) ao libro de actas do Pleno da plataforma “Gestiona”.

O secretario, Rafael del Barrio berbel

ACTA DO PLENO
Número: 2016-0009 Data: 21/09/2016



Cod. Verificación: 92EPAAFNZCNJKLJKJ07X34CG7 | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3